



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA 10 DE
SETEMBRO DO ANO DOUS MIL QUINCE.**

ASISTEN

PRESIDENTE

D. Pablo José Taboada Camoira .

CONCELLEIROS

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira.

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

D. Amando Sande Agra.

D^a. Alba Villasante Torres.

D. José Ramón García Vázquez.

D. Horacio Rouco Ferro.

D. José Ramón López Bruzos.

D. José Sabino Prieto Vázquez.

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Iván Ponte Mahía.

**Faltaron con escusa os Concelleiros : D. Jesús Fandiño Sánchez e D^a. Noelia
Vázquez Paredes.**





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Sendo as catorce horas do día dez de setembro do ano dous mil quince, reúnen no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario – Interventor D. Iván Ponte Mahía, que da fé do acto.

Constituída válidamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión co seguinte orde do día :

O Sr. Alcalde, antes de pasar ó primeiro punto da orde do día afirma que este pleno ordinario deberíase ter celebrado o pasado 20 de agosto, pero non se puido celebrar nesa data debido a que tiña unha viaxe a Madrid neses días e a que a secretaria titular está de baixa dende o pasado 17 de agosto, non sendo posible convocar os plenos sen a presenza no Concello dun secretario- interventor. Manifesta que, unha vez incorporado un novo secretario que substitúe á titular, decidiuse convocar a sesión ordinaria no primeiro xoves en que foi posible.

PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN DE ORGANIZACIÓN DE DATA 1 DE XULLO DE 2015.

O Sr. Alcalde- Presidente solicita dos concelleiros que manifesten se teñen algunha alegación que facer á acta da sesión de organización celebrada o día 1 de xullo de 2015.

O Sr. Rouco Ferro fai constar, antes de nada, que no Concello de Palas de Rei non se celebra unha sesión ordinaria dende o 19 de marzo de 2015, é dicir, dende fai 6 meses. Por outra banda, sinala que se o Sr. Alcalde tivo que viaxar a Madrid por asuntos persoais non se lle vai pedir explicacións pero que se a viaxe foi por motivos oficiais ou que teñan que ver co Concello, si temos que pedir que nos explique o motivo concreto da viaxe. Ademáis expón que a celebración dos plenos ordinarios está fixada para os terceiros xoves dos meses pares pero que cando non se poidan celebrar nese día por motivos extraordinarios e suficientemente motivados, sería conveniente que se comunicase con anterioridade ós concelleiros e non unha semana despois, como ocorreu neste caso. Por último afirma que nos casos onde o secretario- interventor titular da praza non poida desempeñar as súas funcións por calquera motivo, éste pode ser substituído por un secretario accidental, nomeamento que pode recaer nun funcionario da Corporación que esté suficientemente capacitado, segundo se establece na normativa de aplicación.





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

O Sr. Secretario sinala que o nomeamento dun secretario accidental é unha competencia que recae na Dirección Xeral de Administración Local a proposta do Sr. Alcalde do concello en cuestión, pero que, en todo caso, se trata dunha cuestión que non é obrigatorio para o Concello senón que se trata de algo que é potestativo.

O Sr. Alcalde aclara que o seu viaxe a Madrid foi para tratar con ADIF a posible realización dunha infraestrutura, máis concretamente, a execución dun paso inferior no Carballal e que para avisar con anterioridade ós concelleiros primeiro hai que saber o motivo do aprazamento e neste caso a a baixa médica non é unha cuestión que se poida predecir.

Ante a ausencia de máis alegacións ó acta da sesión organizativa do Pleno celebrada o día 1 de xullo, o Pleno da Corporación, cos votos a favor dos 6 concelleiros do grupo municipal do PP e 3 do grupo municipal do PSOE, acordou aprobar, por unanimidade dos membros presentes, a acta da sesión da sesión organizativa do Pleno celebrada o día 1 de xullo de 2015.

PUNTO SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.

Todos os concelleiros quedan enterados do contido dos decretos da Alcaldía dende o número 204 ó 312 do ano 2015, tamén ambos incluídos.

O Sr. Rouco Ferro afirma que só recibimos os decretos dende o día 13 de xuño de 2015 e anuncia que o seu grupo vai solicitar os decretos que van dende o 17 de marzo de 2015 ata o día 13 de xuño de 2015. Tamén afirma que no decreto número 298 debe de existir un erro porque nun dos seus parágrafos se dí que se firma un convenio con Melide e noutro parágrafo do mesmo decreto se dí que se firma co Concello de Santiso.

O Sr. Alcalde aclara que no último mes se firmou un convenio con Santiso e que ese decreto se debe referir a ese convenio. Ese erro puido deberse a que o ano pasado se firmou un convenio de similar contido con Melide e con Toques



PUNTO TERCEIRO.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Alcalde pregunta ós membros do pleno se teñen algún rogo ou pregunta que formular.

O Sr. Rouco Ferro toma a palabra neste punto e formula as seguintes cuestións:



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com


1.- O día 26 de agosto do ano 2015 apareceu na prensa que un traballador do Concello de Palas de Rei tivera un accidente laboral en Ponterroxá. En relación con este feito o grupo socialista quería saber se foi un alumno do curso medioambiental ou se foi un traballador do Concello. Tamén quere preguntar quen é o responsable do mencionado curso medioambiental, quen imparte o curso, quen é a persoa responsable das medidas de seguridade que se toman neste curso, con qué empresa se teñen contratadas as medidas de seguridade do curso, quen é o organismo responsable da impartición deste curso, quen é o responsable encargado de verificar que as medidas de seguridade se cumpran, quen é o monitor deste curso, cantos equipos da EPI temos no Concello de Palas de Rei e con qué empresa temos contratado a prevención de riscos laborais.

2.- En relación coa compra dunha carpa, o grupo socialista quere saber cantos cartos de fondos propios pon o Concello para a adquisición desta carpa.

O Sr. Rouco Ferro quere propoñer ó Pleno do Concello de Palas de Rei, en relación con toda a problemática dos gandeiros, que se faga un comunicado de apoio á gandería e o sector leiteiro xa que, no noso Concello, éste é un sector que é fundamental e do que vivimos, de maneira directa ou indirecta, case todos os palenses. Neste sentido, manifesta o apoio do grupo socialista a que os gandeiros teñan un prezo mínimo que sexa digno. Tamén quere preguntar o Sr. Portavoz do Grupo Socialista se houbo algunha petición de autobuses gratis para ir ás manifestacións no Concello de Palas de Rei, xa que en outros concellos os gandeiros si os solicitaron. En caso afirmativo, o Sr. Rouco considera que dita petición debería ser atendida polo concello. Por último, o Sr. Rouco insiste en que o Concello de Palas de Rei debe sacar unha declaración institucional o unha comunicación de apoio a un sector tan importante como o gandeiro para este Concello, xa que Palas de Rei aglutina o 40% das explotacións gandeiras da Comarca da Ulloa.

O Sr. Portavoz do Grupo Popular, Sr. Pensado, sinala que o Sr. Alcalde xa tomou determinadas medidas de apoio como, por exemplo, a pancarta que preside a fachada do Concello de apoio ós gandeiros. De todas formas, o Sr. Pensado manifesta que o seu grupo político tamén está a favor de que se faga unha declaración institucional a favor dos gandeiros e da súa causa.

O Sr. Alcalde, en relación con este asunto, afirma que, pola parte que lle toca, non hai ningún problema en facer unha declaración institucional de apoio á gandería pero, de todas formas, tamén sinala que hai que ter un pouco de coidado coas declaracións que fan determinados responsables políticos xa que, todos os presentes no pleno saben a ciencia certa que o establecemento dun prezo mínimo non é posible dende un punto de vista legal. Reitera que o equipo de goberno apoia o 100% as demandas dos gandeiros e proba diso é a asistencia de moitos dos membros da Corporación ás manifestacións do sector xa que éste é un sector estratéxico para a noso concello e para





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

a Comarca da Ulloa pero tamén afirma que o que non se pode solicitar é que unha administración pública fixe un prezo mínimo nin do leite nin de ningún outro produto porque non se pode dende un punto de vista xurídico. O Sr. Alcalde conclúe que o que hai que facer é negociar de maneira razoable, sen tutelas sindicais ou políticas, e chegar a un bo acordo para todos. Neste sentido, pon de exemplo, que o que non se pode permitir é que nas grandes superficies o leite sexa sempre un produto de reclamo para o consumidor baixando o seu prezo por debaixo do prezo de coste e incluso, expón que, por esta razón, o Tribunal da competencia xa impuso multas neste sentido.

En relación co tema dos autobuses gratis, o Sr. Alcalde afirma que sí houbo unha solicitude por parte do representante do BNG neste Concello nas últimas eleccións municipais, pero unha semana antes da presentación de dito escrito, este Concello xa falara con diversos gandeiros e coa cooperativa co fin de canalizar e organizar os viaxes para as manifestacións de Lugo e de Santiago. Por último o Sr. Alcalde expón que o compromiso deste Concello co sector gandeiro non é destes días, senón que é un compromiso de sempre.

Neste momento do pleno, o Sr. Pensado, por motivos laborais, tense que ausentar do Pleno.

O Sr. Rouco Ferro reitera o compromiso do seu grupo político coa idea de que se debe pactar un prezo mínimo do leite para os gandeiros xa que, por exemplo, esa medida existe no noso país veciño, Francia. Asimesmo, afirma que o que non se pode permitir é que a crise do sector só a paguen os gandeiros e tampouco se pode permitir que se pague o litro de leite a 10 céntimos, como ocorreu en algunha explotación gandeira de Palas de Rei.

Ante esta última afirmación, a Sra. Vila Agra afirma que iso non é certo xa que ningunha explotación gandeira vendeu o litro de leite a 10 céntimos.

O Sr. Alcalde reitera que o establecemento do prezo mínimo non é unha medida legal dende o punto de vista xurídico e que existen outras solucións alternativas pola vía do dialogo e da negociación. O Sr. Alcalde afirma que o que se pode reivindicar é que se negocie entre a industria e os gandeiros un prezo determinado, pero sempre a través da firma dun convenio entre partes privadas.

Finalmente, a totalidade dos membros presentes no pleno acordan a realización dunha declaración institucional onde se apoian todas as demandas que soliciten os gandeiros nas súas manifestacións.





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Por último, o Sr. López Bruzos toma a palabra para afirmar que, baixo o seu punto de vista, a acta non reflexa o que aconteceu na sesión organizativa xa que cando na acta dí *“Por outra banda, o Sr. López Bruzos afirma que a cita non se adapta á realidade e é falsa xa que pertence o libro “O Quixote”, realmente o que quixo dicir é o contrario, é dicir, que a mencionada cita non pertence “O Quixote”.*

Neste caso, o Sr. Secretario afirma que aceptará a rectificación na redacción da acta, previa revisión da grabación para comprobar dita cuestión aínda que ésta é unha cuestión que non se pode tratar neste punto do orde do día.

O Sr. López Bruzos sinala que, dende o seu punto de vista, o parágrafo que literalmente dí *“O Sr. Pensado afirma que vai deixar pasar esta pequena discusión debido a que se lle nota o Sr. López Bruzos que é novo nesta Corporación. De todos os xeitos, recórdalle que aprobar un acta de Pleno o que vén a poñer de manifesto é se a acta recolle ou non o que se dixo, en termos xerais, na propia sesión plenaria con independencia da veracidade ou non do que se dí. Ademais engade que o propio Sr. Concelleiro socialista se contradice nas súas afirmacións cando di que aínda que todos pensan así, a cita do libro é falsa, por tanto, según a súa mesma opinión todos pensan igual menos él (é dicir ou todo o mundo está equivocado ou o está o Sr. López). Por outra banda, afirma que é certo que a fórmula correcta é Sigismunda e non Segismunda pero iso se trata dun erro de quen transcribe a acta que non ten maior importancia e reafirmase na idea de que para o seu grupo a acta recolle de maneira fiel o que se dixo na sesión constitutiva.”* é confuso, contradictorio e pouco claro e solicita que se redacte dunha maneira máis comprensible.

O Sr. Secretario afirma que, dende o seu punto de vista, o parágrafo é meridianamente claro e comprensible para todos os cidadáns e que tampouco incurre en ningunha contradicción e polo tanto non acepta que se teña que modificar.

O Sr. Alcalde recórdalle o Sr. López Bruzos que as observacións á acta se teñen que facer dentro do punto do orde do día relativo á este tema e que non se poden facer no punto onde estamos que é o punto de rogos e preguntas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as catorce horas e corenta minutos, de todo o que eu, como Secretario, dou fé;

O ALCALDE

